

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

Orde do 16 de decembro de 2005 pola que se anuncia a adxudicación da III edición do Premio Centro Ramón Piñeiro de ensaio breve, convocado por Orde do 30 de marzo de 2005 (Diario Oficial de Galicia número 71, do 14 de abril).

Con sustentación na proposta contida na acta da sesión celebrada o día 28 de novembro de 2005 polo xurado para a concesión do III premio de ensaio breve do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, segundo a convocatoria anunciada pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no DOG nº 71, do 14 de abril de 2005, e de conformidade co establecido na base sétima da referida orde de convocatoria, esta consellería

RESOLVE:

Primeiro.-Conceder o III Premio de ensaio breve do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades a: Manuel Fernández Álvarez (Manuel Forcadela), NIF: 36026693-E.

Segundo.-De acordo co establecido na base sexta da convocatoria, a asignación do premio será de 3.000 euros.

Terceira.-Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que resolveu, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución, ou ben os interesados poderán presentar directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución. En todo caso non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición.

Santiago de Compostela, 16 de decembro de 2005.

José Luis Méndez Romeu
Conselleiro de Presidencia, Administracións
Públicas e Xustiza

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Orde do 27 de decembro de 2005 pola que se modifican as bases reguladoras das axudas para fomentar o cesamento anticipado da actividade agraria, e se convocan para o ano 2006.

Dous dos principais problemas que condicionan a competitividade das explotacións agrarias galegas son a elevada idade media dos titulares así como a súa escasa dimensión. As axudas ao cesamento anticipado na actividade agraria pretenden comple-

mentar a política socioestrutural galega outorgando unha renda aos agricultores e traballadores, ou familiares de maior idade, que cesan na actividade agraria, transferindo a totalidade ou parte da súa explotación a outros, máis novos, que poidan mellorar a viabilidade económica das explotacións agrarias que queden libres, coa posibilidade de dedicar terras de interese agrario a usos non agrarios cando o exercicio da agricultura nelas non poida ter lugar en condicións de viabilidade económica satisfactorias.

O Regulamento (CE) 1257/1999, do Consello, do 17 de maio, sobre axudas ao desenvolvemento rural a cargo do Fondo Europeo de Orientación e Garantía Agrícola (FEOGA), modificado polo Regulamento (CE) 1783/2003, do Consello, do 29 de setembro, establece no capítulo IV, título II, e nos seus artigos 10 ao 12, un réxime de axudas para o fomento do cesamento anticipado na actividade agraria.

Pola súa parte as disposicións de aplicación do Regulamento (CE) 1257/1999, modificado polo Regulamento (CE) 1783/2003, prevense no Regulamento (CE) 817/2004, da Comisión, do 29 de abril, aplicado no ámbito estatal por medio do Real decreto 708/2002, do 19 de xullo, modificado polo Real decreto 172/2004, do 30 de xaneiro, polo que se establecen medidas complementarias ao programa de desenvolvemento rural para as medidas de acompañamento da política agraria común, así como polo Real decreto 5/2001, do 12 de xaneiro, polo que se establece un réxime de axudas destinadas a fomentar o cesamento anticipado na actividade agraria.

Por outra parte, o artigo 18 do Regulamento (CE) 1782/2003, do Consello, do 29 de setembro, establece que en cada Estado membro se instaurará un sistema integrado de xestión e control que comprenderá, entre outros elementos, un sistema de identificación de parcelas agrarias establecido a partir de mapas ou documentos catastrais ou outras referencias cartográficas usando técnicas dos sistemas informáticos de información xeográfica, incluídas, preferentemente, as ortoimaxes aéreas ou espaciais e que será de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2005.

O SIXPAC na Comunidade Autónoma de Galicia configúrase como unha base de datos das características técnicas definidas no anexo I do Real decreto 2128/2004 e de acordo co establecido no seu artigo 3.1º trátase dun rexistro público de carácter administrativo, que contén a información das parcelas susceptibles de beneficiarse das axudas comunitarias relacionadas coa superficie e dispón do soporte gráfico do terreo e das parcelas e recintos con usos e aproveitamentos agrarios definidos. Este rexistro deberá de utilizarse nesta convocatoria de axudas, para a definición da base xeográfica das explotacións.

A Orde do 6 de febreiro de 2003 estableceu, nesta comunidade autónoma, as bases reguladoras das axudas para fomentar o cesamento anticipado na actividade agraria, así como a súa convocatoria para o ano 2003.

A modificación da normativa comunitaria e estatal, así como a experiencia adquirida coa aplicación desta axuda durante as convocatorias anteriores, fan conveniente efectuar modificacións puntuais en determinados artigos da Orde do 6 de febreiro do 2003, o que se efectúa na sección primeira desta orde.

Tendo en conta que a dita Orde do 6 de febreiro de 2003, con vixencia indefinida, cumpre cos requisitos previstos para as bases reguladoras aplicables á concesión de axudas de conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, co previsto no artigo 78 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, (modificado pola Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo) polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, redactado segundo a Lei 8/1999, do 30 de decembro, así como no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia,

En consecuencia, de acordo co disposto no artigo 30.I.3 do Estatuto de autonomía de Galicia e no uso das facultades que me confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, modificada pola Lei 11/1988, e o Decreto 50/2002, do 14 de febreiro,

DISPOÑO:

Sección primeira.

Modificación da Orde do 6 de febreiro do 2003.

Artigo 1º

Modifícanse a alínea a) do artigo 10º.1 e engádense a alínea c) o artigo 7º.2, un parágrafo 4º a alínea 2 do artigo 10º, unha alínea g) ao artigo 11º.3 e os puntos 7 e 8 ao artigo 13º e modificar determinados anexos da Orde do 6 de febreiro de 2003 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para fomentar o cesamento anticipado na actividade agraria.

Un.-Engádense unha alínea c) o artigo 7º.2, no referente aos requisitos da explotación do cesionario, coa seguinte redacción:

«c) A explotación do cesionario, ou as terras achegadas por este á explotación do cedente, deberán de estar situadas no mesmo concello, ou nos concellos limítrofes, en que se atopa situada a explotación do cedente».

Dous.-Modifícase a alínea a) do artigo 10º no relativo á contía das axudas, que queda redactado como segue:

«a) Unha indemnización anual polo seguinte importe:

* 6.932,40 euros se o titular ten conxuxe ao seu cargo e sempre que o dito conxuxe non reciba a axuda prevista no punto 4.

* 5.842,32 euros se o titular non ten cónxuxe ao seu cargo.

* 5.348,64 euros se o cónxuxe ou traballador recibe a axuda prevista no punto 4».

Tres.-Engádense un parágrafo 4º á alínea 2 do artigo 10º.1, que queda redactado como segue:

«O prazo para solicitar o complemento anual de xubilación será de dous meses contados a partir da data de xubilación. Se, transcorrido este prazo, non se presentase solicitude, entenderase que o cedente desiste do seu dereito».

Catro.-Engádense unha alínea g) o punto 3 do artigo 11º relativo a solicitudes coa seguinte redacción:

«g) Coa solicitude de axuda achegaranse, en todos os casos, certificados da Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), da Consellaría de Economía e Facenda e da Tesouraría Xeral da Seguridade Social acreditativos de atoparse ao día nas súas obrigas con estas e de non ter pendente de pagamento ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, sen prexuízo, en calquera caso, do establecido no artigo 23.3º da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións».

Cinco.-Engádense os puntos 7 e 8 ao artigo 13º coa seguinte redacción:

«7. Toda alteración das condicións que se tivesen en conta para a concesión da axuda poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

8. En calquera caso admitiranse como máximo dous cesionarios por explotación».

Seis.-O artigo 16º relativo a resolución, queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 16º.- Selección e resolución.

O expediente será resolto polo conselleiro do Medio Rural.

A selección e avaliación das solicitudes presentadas será efectuada por un órgano Colexiado constituído para o efecto e integrado por presidente, o director xeral de Estruturas e Infraestruturas Agrarias; secretario, o xefe do Servizo de Medidas Complementarias, e vogal, o subdirector xeral de Explotacións Agrarias.

O órgano instrutor, en vista do expediente e do informe do órgano Colexiado formulará a proposta de resolución, que será elevada ao conselleiro do Medio Rural. O prazo máximo para dictar e notificar a correspondente resolución será de seis meses contados a partir de la fecha de finalización del plazo de presentación de solicitudes. Transcorrido o dito prazo sen que se ditase e notificase a correspondente resolución, o interesado poderá entender como desestimada a súa solicitude por silencio administrativo».

Sete.-Modifícanse os anexos I (de relación de predios agrícolas da explotación do cedente), o 2A (de datos persoais do/a cedente, e datos da explotación do/a cesionario/a e da explotación resultante), o 2B (de relación de predios e outros datos da explotación do cesionario), o 3 (datos do/a solicitante) e o 5 (de datos para o pagamento) da Orde de 14 de febreiro de 2003, e engádense os anexos VI e VII que se inclúen como anexo a esta orde.

Sección segunda.

Convocatoria das axudas para o ano 2006.

Artigo 2º.- Obxecto.

Por medio da presente orde establécese a convocatoria para o ano 2006 das axudas para fomentar o cesamento anticipado na actividade agraria, de acordo coas bases reguladoras previstas na Orde do 6 de febreiro de 2003, publicadas no *Diario Oficial de Galicia* nº 32, do 14 de febreiro de 2003, coas modificacións introducidas na sección primeira desta orde.

Artigo 3º.-Condicións e finalidade.

Para poder acceder ás axudas previstas no artigo 1º da Orde do 6 de febreiro de 2003, os beneficiarios deberán de cumprir co establecido no artigo 3 da devandita orde e cos requisitos previstos nos artigos 4º ao 8º, ambos inclusive, así como as modificacións realizadas na sección primeira desta orde.

Estas axudas teñen por finalidade asegurar uns ingresos axeitados aos agricultores e traballadores de maior idade que cesen na actividade agraria, á par que se fomenta o rexuvenecemento dos titulares das explotacións agrarias galegas e o incremento da dimensión destas, no marco do obxectivo establecido no capítulo IV do Regulamento (CE) 1257/1999, do Consello, do 17 de maio.

Artigo 4º.-Prazo e presentación das solicitudes de axuda.

Para a convocatoria 2006 e en cumprimento do artigo 42 da Lei 13/2004, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2005, as solicitudes de axuda presentaranse no prazo de 40 días naturais contados desde o día seguinte ao da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia, en calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e preferentemente nas oficinas agrarias comarcais da Consellaría do Medio Rural.

Os interesados presentarán a solicitude de axuda axustada aos modelos e con toda a documentación establecida en cada caso, na Orde do 6 de febreiro de 2003.

Artigo 5º.-Xustificación.

A certificación dos investimentos e gastos farase de conformidade co previsto no artigo 18º da Orde do 6 de febreiro de 2003.

Artigo 6º.-Financiamento.

A participación da Consellaría do Medio Rural nas axudas recollidas no artigo 1º da Orde do 6 de febreiro de 2003 axustarase ao disposto no Real decreto 5/2001, do 12 de xaneiro, polo que se establece un réxime de axudas destinadas a fomentar o cesamento anticipado na actividade agraria, no relativo ao financiamento de actuacións.

Para a concesión das axudas reguladas nesta orde existe crédito axeitado e suficiente nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006 por un total de 3.000.000 de € con cargo á aplicación orzamentaria 11.02.614A.777.2

Así mesmo, os importes dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia con que se financiarán estas axudas poderán ser incrementados con outros fondos do FEOGA-Garantía, dos orzamentos xerais do Estado e da comunidade autónoma.

De conformidade co establecido na orde da Consellaría de Economía e Facenda, do 11 de febreiro de 1998, modificada polas ordes do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001, posibilitase a tramitación anticipada de expedientes de gasto, sempre que exista crédito adecuado e suficiente nos orzamentos do exercicio do ano 2006 aprobados polo Consello da Xunta de Galicia, quedando sometida a concesión das axudas á condición suspensiva de existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da súa resolución.

Estas axudas son cofinanciadas polo FEOGA-Garantía nun 65%.

Disposición adicional

Primeira.-O solicitante poderá acudir individualmente á Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), á Tesouraría Xeral da Seguridade Social e á Consellaría de Economía e Facenda para solicitar a expedición dos certificados acreditativos de estar ao día nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, así como de non ter pendente de pago ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, sen prexuízo, en calquera caso, do establecido no artigo 23.3º da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Non obstante quedarán exentos de xuntar os xustificantes do cumprimento das obrigacións ás que se refire o artigo 78 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, as axudas especificadas no artigo 41 da Lei 13/2004, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2005.

Segunda.-En todas as cuestións non previstas nesta orde, será de aplicación o disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como no artigo 78 e 79 da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, na redacción dada pola Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o director xeral de Estruturas e Infraestruturas Agrarias para ditar as instrucións precisas para o desenvolvemento e execución desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 27 de decembro de 2005.

Alfredo Suárez Canal
Conselleiro do Medio Rural



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



**MINISTERIO DE
AGRICULTURA,
PESCA E
ALIMENTACIÓN**

**UNIÓN
EUROPEA
—
FEOGA**



C.E.A. Cedente	(Nº DE REGISTRO)	Nº DE EXPEDIENTE
----------------	------------------	------------------

PROCEDEMENTO SOLICITUDE DE AXUDAS POR CESAMENTO ANTICIPADO NA ACTIVIDADE AGRARIA. REAL DECRETO 5/2001	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO MR248A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DO/A SOLICITANTE TITULAR DA EXPLOTACIÓN AGRARIA

Tipo de beneficiario NIF	Primeiro apelido		Segundo apelido	
	Nome			
		Réxime da Seguridade Social	Autónomo nº	
			Esp. agrario nº	
con enderezo en		(Municipio)	(Provincia)	Código postal
Data de nacemento	/	/19	Estado civil	Teléfono
¿Percibe algunha pensión? Non <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/>		Tipo o denominación		Importe anual
Cónxuxe, se é o caso NIF	Primeiro apelido		Segundo apelido	
	Nombre		Está a cargo do titular	Non está a cargo do titular
			Cesa na actividade como familiar	

DATOS DA EXPLOTACIÓN

PERTENZA E RÉXIME DE TENZA DAS TERRAS				PRODUCCIÓN GANDEIRA			
HAS.	NOME DO PROPIETARIO	D.N.I.	RÉXIME (1)	CLASE DE GANDO	CÓDIGO	Nº DE CABEZAS	CESIONARIO (2)

Nº de persoas que traballan na explotación co titular e o fan en xornada completa (só se traballaron, alomenos, tres anos dos cinco últimos)
 { Membros da familia do titular
 { Outros traballadores
 As parcelas agrarias da explotación relaciónanse no anexo 1 achegado, cun total de páxinas de

DESTINO PREVISTO PARA A SUPERFICIE EN HECTÁREAS DA EXPLOTACIÓN

	Reserva para o consumo familiar	Superficie que se transmite ao cesionario	Non se transmite (Resolución de contratos)	TOTAL
Superficie propiedade do cedente				
Superficie non propiedade do cedente				
TOTAL				

DECLARO baixo a miña responsabilidade que exercín a actividade agraria durante os últimos dez anos; que non estou incurso en ningunha das causas de incompatibilidade; que indiquei a totalidade da superficie da miña explotación, a que non diminuíu en máis dun 20% nos dous últimos anos, excepto por causa compatible, e que todos los datos indicados na solicitude son certos.

AUTORIZO á Dirección Xeral de Estruturas e Infraestruturas Agrarias para realizar a comprobación e solicitar, incluso ante as administracións públicas competentes, cantos documentos e informes sexan precisos para a verificación e control dos datos consignados na solicitude.

COMPROMÉTOME a cesar definitivamente na actividade agraria e a destinar a superficie agrícola da miña explotación na forma máis arribada indicada, conforme ao establecido no Real decreto 5/2001, para o que xunto as declaracións e compromisos das terceiras persoas correspondentes.

SOLICITO, polo tanto, que se me concedan as axudas establecidas para o efecto no real decreto citado, sen perxuízo das comprobacións actuais e de futuro e demais condicións que legalmente procedan.

Solicito que, no seu momento, a axuda se ingrese, ao meu nome, na seguinte entidade:

Banco:

Sucursal:

Código bancario

Nº de conta

..... de de 200...

O/A SOLICITANTE,

Asdo:



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



MINISTERIO DE
AGRICULTURA,
PESCA E
ALIMENTACIÓN

UNIÓN
EUROPEA
FEOGA



C.E.A. Cedente

(Nº DE REXISTRO)

Nº DE EXPEDIENTE

PROCEDEMENTO SOLICITUDE DE AXUDAS POR CESAMENTO ANTICIPADO NA ACTIVIDADE AGRARIA. REAL DECRETO 5/2001	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO MR248A	DOCUMENTO ANEXO 1
---	---	-----------------------------

DATOS DO/DA SOLICITANTE TITULAR DA EXPLOTACIÓN AGRARIA

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	N.I.F.
------------------	-----------------	------	--------

RELACIÓN DE PARCELAS DA EXPLOTACIÓN

N.º DE ORDE	REFERENCIAS IDENTIFICATIVAS							DATOS DE LA PARCELA AGRÍCOLA					RESERVA YE TRANSMISIÓN	
	PROVINCIA	CONCELLO	T. REFERENCIA (1)	ZONA	POLÍGONO	PARCELA	RECINTO	SUPERFICIE (Ha)	SUPERFICIE SEMENTADA (Ha)	CULTIVO		RÉXIME TENZA	SUPERFICIE (Ha)	CLAVE (2)
										CÓDIGO	NOME			

N° TOTAL DE PREDIOS E SUPERFICIE TOTAL
 Kg. de leite de vaca ou 'cantidade de referencia' asignada á explotación (R(CE) 739/04) o 1/4/200....
 Dereitos de prima de vacas nutrices.
 Dereitos de prima de ovino-cabrún.

En o de de 200...

Asinado o/a cedente: Páxina n.º

(1) En TIPO DE REFERENCIA indicarase: S (sixpac), C (catastro), P (concentración parcelaria), M (monte comunal)



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

UNIÓN EUROPEA
—
FEOGA



C.E.A. Codific

(Nº DE REGISTRO)

Nº DE EXPEDIENTE

PROCEDIMENTO SOLICITUDE DE AXUDAS POLO CESAMENTO ANTICIPADO NA ACTIVIDADE AGRARIA. REAL DECRETO 5/2001	CÓDIGO DO PROCEDIMENTO MR248A	DOCUMENTO ANEXO 2A
--	---	------------------------------

DATOS PERSOAIS DO/A CEDENTE

D. Dº TITULAR DUNHA EXPLOTACIÓN AGRARIA SITUADA EN
 (Concello) (Provincia)

DATOS PERSOAIS DO/A CESIONARIO

NIF	Apelidos ou clase de entidade	[Grid]											
[Grid]	Nome ou razón social	[Grid]	Nº de afiliación Seguridade Social	[Grid]									
Con enderezo en (rua ou praza, nº, porta ou lugar) (Concello) (Provincia) Código postal [Grid]		Data de nacemento ou constitución [Grid] / [Grid] / 19 [Grid]		Estado civil ou nº de socios		Teléfono							
CESIONARIO AGRARIO <input type="checkbox"/>		CESIONARIO NON AGRARIO <input type="checkbox"/>		AGRICULTOR MOZO OU TRABALLADOR QUE SE INSTALARÁ NA EXPLOTACIÓN DO CEDENTE: SI <input type="checkbox"/>		NON <input type="checkbox"/>							

DATOS DA EXPLOTACIÓN DO/A CESIONARIO/A E DA RESULTANTE

* Se o cesionario é mozo, ou traballador que se instala, en datos de "actual" consignaranse as unidades que recibe do cedente

ORIENTACIÓNS PRODUCTIVAS		BASE TERRITORIAL (HAS.)						
DENOMINACIÓNS	CÓDIGO	UNIDADES			RÉXIME DE TITULARIDADE	ACTUAL*	AMPLIACIÓN	FINAL
		ACTUAL*	AMPLIACIÓN	FINAL				
					Propiedade			
					Outros			
					TOTAL			

As parcelas agrarias da e citanse no anexo 2-B adxunto, cun total de páxinas de
 Quen asina abaixo, conforme con todo o establecido no Real decreto 5/2001,

DECLARO baixo a miña responsabilidade que todos os datos que anteceden son certos e AUTORIZO a Dirección Xeral de Estruturas e Infraestruturas Agrarias para realizar a comprobación e solicitar, incluso ante as administracións públicas competentes, cantos documentos e informes sexan precisos para a verificación e control dos datos achegados na solicitude.

COMPROMÉTOME:

- Como cesionario agrario, para exercer como agricultor a título principal, (cando o solicitante sexa unha entidade, este compromiso afecta ao menos ao 50% dos seus membros), así como a manter a explotación resultante durante un prazo mínimo de cinco anos ou, en caso de abandono da actividade agraria, a poñer a explotación transmitida á disposición do servizo de transmisión.
- A non transmitir a propiedade nin ceder en arrendamento, parzaría, ou figuras análogas, durante un prazo de cinco anos, as terras adquiridas ao titular da explotación que cesa na súa actividade agraria e a empregalas en condicións compatibles coa preservación e mellora do ambiente e do espazo rural.
- Como agricultor mozo que me incorporo á actividade agraria, a acadar, no prazo máximo de dous anos, a capacitación profesional suficiente e, de ser o caso, a subrogarme nos dereitos e obrigas derivados dos plans de mellora realizados polo cedente con disposición de axudas pública.
- De ser o caso, executar o plan de mellora na explotación que recibo do cedente arriba sinalado, o que permitirá un aumento na dimensión económica dela, ao menos, en 12 hectáreas tipo, así como acadar unha renda por UTA empregada igual ou superior ao 35% da renda de referencia.

En, o de de 200...

O/A CESIONARIO/A

Asdo: